

Escalas funcionais

Global Deterioration Scale (GDS) / Functional Assessment Staging (FAST)

Adaptado do grupo de neuroloxía da conduta e demencias (Guía SEN, 2002)

Estadio GDS	Estadio FAST e diagnóstico clínico	Características
GDS 1. Ausencia de alteración cognitiva	1. Adulto normal	Ausencia de dificultades obxectivas ou subxectivas
GDS 2. Defecto cognitivo moi leve	2. Adulto normal de idade	Queixas de perda de memoria. Non se observa déficit no exame clínico. Hai pleno coñecemento e valoración da sintomatoloxía
GDS 3. Defecto cognitivo leve	3. Enfermidade de Alzheimer incipiente	Primeiros defectos claros Manifestación nunha ou máis destas áreas: <ul style="list-style-type: none"> • Terse perdido nun lugar non familiar • Evidencia de rendemento laboral pobre • Dificultade incipiente para evocar nomes de persoa • Trala lectura retén escasa información • Esquece a situación, perde ou coloca erroneamente obxectos de valor • Escasa capacidade para lembrar á persoas novas que coñecera • Diminución da capacidade organizativa Obsérvase evidencia obxectiva de defectos de memoria unicamente nunha entrevista intensiva
GDS 4. Defecto cognitivo moderado	4. Enfermidade de Alzheimer leve	Diminución da capacidade para realizar tarefas complexas Defectos claramente definidos nunha entrevista clínica coidadosa: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento diminuído de acontecementos actuais e recentes • O paciente pode presentar certo déficit na lembranza da súa historia persoal • Dificultade de concentración evidente na substracción seriada • Capacidade diminuída para viaxar, controlar a súa economía, etc Non hai defectos a miúdo en: <ul style="list-style-type: none"> • Orientación en tempo e persoa • Recoñecemento de caras e persoas familiares • Capacidade de viaxar a lugares coñecidos A negación é o mecanismo de defensa predominante



GDS 5. Defecto cognitivo moderadamente grave	5. Enfermidade de Alzheimer moderada	O paciente non pode sobrevivir moito tempo sen algunha asistencia. Require asistencia para escoller a súa roupa. É incapaz de lembrar aspectos importantes da vida cotiá (enderezo, teléfono, nome de familiares). É frecuente certa desorientación en tempo e lugar. Dificultade para contar ao revés dende 40 de 4 en 4 ou dende 20 de 2 en 2. Sabe o seu nome e xeralmente o da súa parella e fillos.
GDS 6. Defecto cognitivo grave	6. Enfermidade de Alzheimer moderada-grave	Vístese incorrectamente sen asistencia ou indicacións. Esquece ás veces o nome da súa parella, de quen depende para vivir. Retén algúns datos do pasado. Desorientación en tempo e espazo. Dificultade para contar de 10 en 10 en orde inversa ou directa. Lembra o seu nome e diferenza ás persoas que son familiares das que non o son. Ritmo do día a miúdo alterado. Presenta cambios de personalidade e afectividade (delirio, síntomas obsesivos, ansiedade, axitación ou agresividade e abulia cognoscitiva).
	6a	Vístese incorrectamente sen asistencia ou indicacións
	6b	Incapaz de bañarse correctamente
	6c	Incapaz de utilizar o váter
	6d	Incontinencia urinaria
	6e	Incontinencia fecal
GDS 7. Defecto cognitivo moi grave	7. Enfermidade de Alzheimer grave	Perda progresiva de todas as capacidades verbais e motoras. A miúdo se observan signos neurolóxicos